



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA

PERSOAS RELATORAS



A imaxe é un retallo do cartel das bibliotecas escolares para o curso 2024/25, "Biblioteca escolar, a escena!", creado por Xoana Almar.

XORNADA DE BIBLIOTECAS
ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024/25



9 DE NOVEMBRO DE 2024



PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DE GALICIA

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25



Paula Carballeira Cabana

Paula Carballeira naceu en Maniños (Fene, A Coruña). É licenciada en Filloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e cun curso de Especialización en Arte Dramática (Teoría e Práctica da Interpretación) na mesma universidade. Escritora, actriz e narradora oral profesional desde 1994. Como narradora oral, foi convidada aos principais festivais e eventos de narración oral nacionais e internacionais. Como actriz, é membro da compañía Berrobambán e participou en varias series e programas da Televisión de Galicia. Como directora de teatro, levou adiante producións tanto para a súa compañía coma para outras, entre elas a proposta para público infantil *A cabana de Babaigá* producida polo Centro Dramático Galego. Como dramaturga, recibiu o Premio Nacional de Literatura Dramática do ano 2023, o Premio Follas Novas na categoría de Teatro no ano 2023, o premio Laudamuco de Textos Teatrais no ano 2022, o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil os anos 2006, 2011 e 2018, alén doutros recoñecementos. Ten máis de trinta libros publicados (álbum ilustrado, narrativa, poesía, teatro, ensaio) moitos deles traducidos a varias linguas: inglés, italiano, coreano, turco, alemán, chinés, portugués, catalán, éuscaro... algúns deles premiados e a maioría pensados tamén para a infancia e a xuventude.

Teatro, o máis parecido á vida

O máis parecido a vida é o teatro, xa o comentaba Hamlet, o protagonista da famosa peza de Shakespeare. O teatro, como a vida, vai mudando segundo os tempos e é un reflexo fiel do que somos, posto diante dos nosos ollos, de como xogamos a ser, a relacionarnos, a imaxinar, a propoñer camiños. A aprendizaxe do teatro ou, mellor dito, a memoria do que é o teatro, debería ser un recurso fundamental nos centros de ensino. Ler teatro debería terse en conta cando escollemos un libro que nos propoña crear novas realidades.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25



Rosalía Fernández Rial

Rosalía Fernández (Carballo e Muxía, 1988) é filóloga e doutora en didáctica das linguas e da expresión dramática pola Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, formouse no ámbito das artes escénicas e tamén musicais, na especialidade de acordeón. Mais, sobre todo, e desde moi nova, dedícase á escrita. Como poeta publicou, entre outros, os seguintes libros: *En clave de sol* (Lumieira, 2009), *Átonos* (Lumieira, 2011), *Un mar de sensacións* (Semescom, 2012), *Vinte en escena* (Ed. Positivas, 2012, 2014), *Ningún amante sabe conducir* (Ed. Positivas, 2014), a antoloxía bilingüe *Sacar a bailar. Poesía reunida* (2009-2016), *Contra-acción* (2016), *Árbores no deserto* (Galaxia, 2020), *Desnortada* (Espiral Maior, 2021) e *De centeo e durmideiras* (Cuatro lunas, 2024). Cada un destes títulos levounos á escena con propostas diversas nas que a literatura e a dramaturxia convivían con outras artes como a música e a plástica.

No ámbito do relato curto destaca *Bonus track* (Galaxia, 2018), onde os contos se mesturan con letras de cancións. E, en canto ao ensaio, sobresa *Aulas sen paredes* (Ed. Positivas, 2016), un libro-DVD sobre unha metodoloxía innovadora no ámbito da didáctica das linguas que recibiu o Premio á mellor iniciativa bibliográfica da Gala do Libro Galego en 2017. Mais, sobre todo, cómpre resaltar o recente *Mover ficha* (Galaxia, 2024) que recolle unha nova metodoloxía xa no día a día da aula, afastándose un pouco máis do estudo estritamente académico mais sen perder as bases da didáctica das linguas e a literatura presentes en anteriores traballos.

Na literatura dramática cómpre citar a proposta *A lúa, válvula de spray* (2020) producida polo FIOT e LIDISS no marco do FiotFónico. De maneira máis recente, destaca *Fóra de campo* (Galaxia, 2024), peza dramática que vén de gañar o VII Premio Vidal Bolaño 2024 de teatro e que está dirixido especialmente ao público adolescente.

Medrar fóra de campo

Como escribiu o poeta Carlos Negro, "Medrar é aprender a fuxir da ditadura dos espellos". É dicir, medrar implica construír a propia identidade. Para atoparse a unha mesma e crecer en todos os sentidos da palabra poucos fogares hai mellores que o teatro.

Desde tres vértices dun mesmo triángulo equilátero reflexionaremos sobre o elo "escola" e "teatro": o ángulo da expresión dramática e teatral como ferramenta pedagóxica para o ensino e aprendizaxe de linguas; o ángulo da literatura dramática dirixida ao público infantil e xuvenil e unha terceira confluencia dos dous aspectos anteriores pensando como traballar esas pezas dentro da aula.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25



Jorge María Larrosa Bondía

Jorge Larrosa traballou, ata a súa xubilación, como profesor titular de Filosofía da Educación na Universidade de Barcelona. É licenciado en Pedagogía e en Filosofía, doutor en Pedagogía, con estudos postdoutorais no Instituto de Educación da Universidade de Londres e no Centro Michel Foucault da Sorbona de París.

Os seus temas principais son a relación entre a experiencia e a linguaxe, a subxectividade e a educación, así como a estrutura formal e o funcionamento material dos dispositivos artísticos, culturais e educativos.

Impartiu cursos e conferencias en diversas universidades europeas e latinoamericanas. Traballou con artistas escénicos e con todo tipo de mediadores culturais.

No ano 2022 foille concedido un Doutoramento Honoris Causa pola Universidade de San Luís (Arxentina).

Entre os seus libros destacan: *La experiencia de la lectura. Ensayos sobre literatura y formación* (Barcelona, 1996 e México, 2004); *Pedagogía Profana. Ensayos sobre lenguaje, experiencia y subjetividad* (Buenos Aires, 2000; Belo Horizonte, 2001; edición conmemorativa e ampliada Buenos Aires, 2017); *La liberación de la libertad (y otros textos)* (Caracas, 2001); *Estudiar/Estudar* (Belo Horizonte, 2003); *Entre las lenguas. Lenguaje y educación después de Babel* (Barcelona, 2003; Belo Horizonte, 2004); *Tremores. Escritos sobre experiencia* (Belo Horizonte, 2014).

Os seus libros mais recentes son *La Trilogía del Oficio: P de profesor* (São Paulo, 2018; Buenos Aires, 2019); *Esperando no se sabe qué. Sobre el oficio de profesor* (Barcelona, 2019; Buenos Aires, 2019); *El profesor artesano. Materiales para conversar sobre el oficio* (Barcelona, 2020; Buenos Aires, 2020) e as compilacións de la *Serie de los Elogios: Elogio de la escuela* (Belo Horizonte, 2017. Buenos Aires, 2018); *Elogio del profesor* (Belo Horizonte, 2021; Buenos Aires, 2020); *Elogio del estudio* (Belo Horizonte, 2023; Buenos Aires, 2020).

A última publicación, *Alma se tiene a veces. Ejercicios de retirada* (Buenos Aires, 2023), xorde a partir dunha meditación sobre a vellez e a retirada (o final dunha vida consagrada ao oficio de ensinar), na que o libro vai despregándose nunha serie de pequenos ensaios nos que se alternan lecturas e episodios biográficos, a través dos que se vai elaborando unha especie de arte de vivir en relación a asuntos como o amor, a amizade, a casa, a nostalxia, a atención, a política, a beleza e a alegría, o ocio e o traballo, o desánimo e a reanimación, a lectura e a vida, o que pasa e o que queda, a conexión co mundo, as cousas, a linguaxe, a mesma escritura.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25

Ten publicadas varias colaboracións. Con Carlos Skliar publicou *Habitantes de Babel. Políticas y poéticas de la diferencia* (Barcelona, 2001; Belo Horizonte, 2002); *Entre Pedagogía y literatura* (Buenos Aires, 2005) e *Experiencia y alteridad en educación* (Rosario, 2009). Con Maarten Simons, Jan Masschelein e Jaques Rancière publicou *La educación pública y la domesticación de la democracia* (Buenos Aires, 2011). Con Marta Venceslao publicou *De estudiosos y estudiantes* (Barcelona, 2021).

Eloxio da escola alfabetizadora

Catro inventos gregos relacionados entre si: a escola, a democracia, a filosofía e o alfabeto. A escola letrada e a tradición humanista. A escola letrada e a formación do cidadán. O pensamento alfabético. Escola, alfabeto e democracia. Breve consideración sobre un quinto invento grego: o teatro. Breve consideración sobre o futuro da escola nunha sociedade post-letrada, post-alfabética e post-humanista.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25



Manuel Núñez Singala

Manuel Núñez Singala é na actualidade, e desde o ano 1988, director do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela.

Con anterioridade foi bolseiro do Instituto da Lingua Galega, bolseiro na Unidade de Tradución do Parlamento de Galicia e funcionario tradutor do Diario Oficial de Galicia na Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia.

Na actualidade é membro do Comité directivo de Realiter (Rede Panlatina de Terminoloxía), unha entidade internacional á que están adheridas máis de cen institucións e organismos de corenta países.

Tamén estivo adscrito ao Instituto de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela en calidade de persoal científico.

Foi, así mesmo, Coordinador do Comité Técnico de Linguaxes de Especialidade do Consello da Cultura Galega.

Impartiu cursos de didáctica de linguas na Universidade Federal Fluminense de Niteroi (Rio de Janeiro, Brasil) e na Pontificia Universidade Católica de São Paulo (São Paulo, Brasil).

Tamén foi coautor das seguintes obras: *Vocabulario do Medio Físico* (Xunta de Galicia, 1988), *O galego e a información* (Lea, 1996), *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela* (Universidade de Santiago, 1998), *Niveis de competencia en lingua galega* (Centro Ramón Piñeiro, 2006), *Vocabulaire panlatin de la grippe aviaire* (Office québécois de la langue française, 2009), *Vocabulaire panlatin de la diffusion et de la distribution du livre* (Office québécois de la langue française, 2010), *Lingua e Futuro* (Laivento, 2010), *Avaliación da competencia en galego e castelán do alumnado de 4º da ESO* (Instituto de Ciencias da Educación, Universidade de Santiago de Compostela, 2010), *Glosario multilingüe sobre responsabilidade social* (Universidad Pontificia de Comillas, 2010), *Vocabulaire panlatin des articles de bureau* (Office québécois de la langue française, 2010) e *O galego no 2050* (Catroventos, 2021).

Foi coordinador das publicacións: *Mellorando os Servicios* (2 volumes publicados na Universidade de Santiago de Compostela, 1997), *Curso de lingua galega para non galegofalantes*, (Xunta de Galicia-Everest, 2000) e *Terminoloxía e normalización* (Coord.; na Universidade de Santiago de Compostela, 2018).

Como autor de ensaio relacionado coa lingua galega publicou *En galego, por que non?*, (Galaxia, 2009) e *Sacar a lingua é de mala educación* (Galaxia, 2017).

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2024-25

No terreo da creación literaria ten publicados: a obra de teatro *O achado do castro* (Sotelo Blanco, 1991; Galaxia, 2014), a novela *Mar de fondo* (Galaxia, 1997), a obra de teatro *Comedia bífida* (Galaxia, 2007), a obra de teatro *Planificación estratéxica* (Laivento, 2009), o libro de relatos *Menú de enganos* (Galaxia, 2010), o libro de relatos *Instrucións para tomar café* (Galaxia, 2014), a novela *Camiños na auga* (Galaxia, 2016), a novela *Noite de temporal* (Obradoiro-Santillana, 2017) e a obra de teatro *Atranco no banco* (Galaxia, 2019).

Teatro e xuventude

Teatro e adolescencia, teatro como ferramenta didáctica, teatro para aprender a vivir e adquirir, de xeito lúdico, habilidades e competencias.



XUNTA
DE GALICIA